

**Proxecto de innovación educativa en  
dinamización lingüística**

# MÚSICA E POESÍA: movendo a lingua

Un proxecto colaborativo  
do CMUS Xoán Montes e da EOI de Lugo  
para a dinamización da lingua galega

**Centros participantes:**

- CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA XOÁN MONTES
- ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE LUGO



**XUNTA  
DE GALICIA**



**Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega**

## 1 Título do proxecto

Música e poesía: movendo a lingua, un proxecto colaborativo do CMUS Xoán Montes e da EOI de Lugo para a dinamización da lingua galega

## 2 Introducción

O fomento e a dinamización do uso da lingua galega, a consolidación do galego como referente fronte a outras linguas con maior proxección internacional e a súa valorización como lingua de expresión artística e comunicación sociocultural son aspectos que deben estar sempre presentes no noso día a día.

A realidade actual amosa que, por diversos motivos, o emprego da lingua galega ten un carácter secundario nos nosos centros educativos, nomeadamente no Conservatorio de Música Xoán Montes (CMUS) e na Escola Oficial de Idiomas (EOI) de Lugo. Nos últimos anos, diversos estudos constatan unha tendencia decrecente no uso do galego nas cidades, onde estes centros están situados. A análise da situación sociolingüística no seu seo, como se exporá a continuación, evidencia a necesidade e pertinencia de medidas de dinamización da lingua galega.

Os conservatorios de música e as escolas oficiais de idiomas, aínda que tradicionalmente non colaboraron en proxectos educativos conxuntos, comparten afinidades salientables. Ambos imparten ensinanzas de réxime especial enfocadas nas linguaxes —a música e as linguas— como ferramentas de expresión artística e comunicación sociocultural. Ademais, acollen un alumnado interxeracional e ofrecen unha formación complementaria tanto con outras ensinanzas de réxime especial como co ensino regrado xeral.

No ámbito da dinamización lingüística do galego, os desafíos que afrontan estes centros tamén son semellantes. Neste sentido, a proximidade física entre o CMUS e a EOI de Lugo, que comparten recinto escolar, representa unha oportunidade estratéxica para fomentar a colaboración entre as súas comunidades educativas.

Este proxecto susténtase na poesía e na música como ferramentas idóneas para a innovación en dinamización lingüística. A través desta integración de saberes e do enfoque interdisciplinario, non só se favorecerá un uso máis significativo do galego, senón que tamén se promoverá a súa presenza no conxunto da comunidade educativa.

## 2.1 Contexto. Análise da situación sociolingüística do centro

### Contorna sociolingüística dos centros

A EOI e o CMUS Xoán Montes de Lugo están situados na zona sur da cidade, próxima ao campus universitario e a outros centros educativos. O perfil do alumnado dos dous centros é dispar: unha parte significativa do alumnado da EOI, principalmente maior de idade, procede de distintas vilas da provincia e ten tamén unha notable representación de estudantes universitarios. O alumnado do CMUS, en xeral menor de idade, provén principalmente da mesma cidade. Nos últimos anos, ambos os centros experimentaron un incremento de alumnado de diversas nacionalidades.

A pesar de que Lugo con frecuencia é identificada como a provincia con maior proporción de galegofalantes, podería asumirse que o galego ten un papel predominante como lingua de comunicación nos dous centros. Porén, ao considerar os datos recollidos nas enquisas realizadas no CMUS, na EOI e na súa Extensión de Sarria aos distintos membros da comunidade escolar, obsérvase que esta percepción non se corresponde coa realidade.

### Situación do profesorado

<b>Lingua vehicular do profesorado</b>	
GALEGO	
CMUS	17,1 %
EOI	43 %
CASTELÁN	
CMUS	53,6 %
EOI	39 %
<b>Lingua do profesorado na aula</b>	
GALEGO	
CMUS	17,9%
EOI	39 %
CASTELÁN	
CMUS	65,5 %
EOI	43 %

\*O 78 % do profesorado da EOI e o 41,17% do CMUS responderon á enquisa

En canto á percepción sobre o fomento da lingua galega no centro, o 50 % do profesorado da EOI considéranlo adecuado, aínda que susceptible de mellora. A maioría manifesta unha valoración positiva sobre a importancia e a utilidade do galego, e salientan que non se detectan conflitos relevantes entre galego e castelán.

### Situación do alumnado

A enquisa sobre o uso do galego foi respondida por 361 estudantes da EOI e 259 do CMUS (66,07 %). Aínda que en termos porcentuais a cifra de participación na EOI podería considerarse limitada (hai uns 1900 alumnos), resulta significativa, xa que, ao ser a enquisa de maior participación dende que se conserva rexistro, reflicte a preocupación pola lingua.

Malia que unha maioría do alumnado manifesta contar con altas competencias no manexo do galego e considéranla unha lingua importante, a maioría emprega o castelán como lingua vehicular.

<b>Lingua vehicular do alumnado</b>	
<b>GALEGO</b>	
CMUS	8 %
EOI	33 %
<b>CASTELÁN</b>	
CMUS	76 %
EOI	44 %

<b>Lingua do alumnado na aula</b>	
<b>GALEGO</b>	
CMUS	19 %
EOI*	35 %
<b>CASTELÁN</b>	
CMUS	80 %
EOI	38 %

\*Téñase en conta que a maioría das interaccións da EOI na aula son no idioma que se está a aprender

A tendencia do alumnado a identificar o castelán como a súa lingua habitual tamén se reflicte no ámbito das redes sociais, onde o 57% dos participantes utiliza o castelán.

### **Situación lingüística dos centros**

Utilízase o galego en todas as publicacións e comunicacións dos centros. Aproximadamente a metade do profesorado da EOI usa o galego en comunicacións internas (no CMUS só o 25%), pero esta porcentaxe diminúe nas aulas.

No persoal non docente dos dous centros, o uso do galego é frecuente, especialmente nas interaccións cotiás, mais en contextos formais cara ao público predomina o castelán. Na Extensión da EOI en Sarria, unha contorna máis rural, o alumnado utiliza maioritariamente o galego en todos os ámbitos.

En conclusión, a análise da situación dos dous centros amosa que, a pesar das diferenzas no uso do galego, cómpre unha especial atención cara á súa reactivación. Este proxecto conxunto busca abranguer as dúas realidades para mellorar a situación lingüística.

### **2.2 Xustificación do proxecto**

Existe unha mellor maneira de dinamizar o uso da nosa lingua de forma correcta e eficaz, ao tempo que se fomentan as competencias oral e escrita, que a través destes dous xéneros?

Música e poesía van da man dende que se ten constancia da súa existencia e, na súa esencia, afloran as emocións, os sentimentos e a sensibilidade. Ata o de agora, nos nosos centros educativos traballouse con ambos os xéneros, mais o que propoñemos é facelo de forma conxunta para achegar o galego á nosa comunidade dun xeito natural, lúdico e didáctico, á vez que promovemos e reivindicamos as artes galegas como parte fundamental do noso patrimonio cultural. Ademais, esta iniciativa contribuirá a fortalecer os vínculos entre os centros participantes, empregando o galego como lingua vehicular e transcendendo os límites do propio proxecto, como se detallará nos seus obxectivos e actividades.

Baseado no traballo cooperativo, «Música e poesía: movendo a lingua» pretende levar o galego a contextos pouco habituais, como o ensino de linguas estranxeiras, onde se presentará como ferramenta de aprendizaxe, e o ensino da música, onde actuará como motor de creación. Deste xeito, favorecerase unha visión máis aberta e receptiva da lingua, ao tempo que se contribúe a superar prexuízos recorrentes tanto no ámbito docente como no estudantil.

As sinerxías xeran enerxía e a enerxía é fundamental para impulsar o cambio que pretendemos: facer que a nosa lingua, que non é estática, senón viva e en constante evolución, circule de maneira natural polos nosos centros coa axuda da música e da poesía.

### **3 Obxectivos deseñados en función das necesidades detectadas nos diferentes ámbitos de actuación**

O CMUS e a EOI de Lugo demos o paso de levar a cabo este proxecto común porque queremos apostar por potenciar o uso da lingua galega nas nosas comunidades educativas dun xeito innovador que reforce, amais, a calidade das nosas ensinanzas.

Malia non termos tradición de colaborar en proxectos educativos comúns, os nosos centros presentan afinidades salientables xa citadas na introdución, así como desafíos bastante semellantes no ámbito da dinamización lingüística do galego.

Despois de realizar unha análise de necesidades, consideramos que poden axudarnos a superalas a seguinte serie de obxectivos.

#### **3.1 Obxectivos a curto prazo**

- Darlle prioridade e fortalecer a expresión oral en galego creando as condicións para que o seu uso sexa percibido como vantaxoso e desexable organizando actividades que visualicen esa necesidade (obradoiros, charlas, faladoiros, clubs de escoita, clubs de lectura relacionados coa poesía galega e a composición musical) e implicando o profesorado no uso do galego dentro da aula e o persoal na atención ao público.
- Empregar a música e a poesía como ferramentas interdisciplinarias, didácticas e lúdicas para achegar a lingua galega ao alumnado e á comunidade educativa, promovendo o coñecemento dos/as poetas e compositores/as galegos/as, e a súa obra e, deste xeito, poñer en valor o noso patrimonio cultural e fomentar a creación e transcreación entre idiomas e música.
- Visibilizar o galego que se emprega nas actividades para achegalas á vez á comunidade, para o que se utilizarán as tecnoloxías da información e comunicación, en dúas fases: ao longo do proxecto nas principais redes sociais e plataformas dixitais utilizadas pola xuventude (Instagram, X, Bluesky, Spotify). Tamén ao final de curso, nunha actuación poético-musical onde se compartirá o

traballo realizado, e logo de xeito permanente mediante a colocación de carteis con códigos QR que darán acceso aos poemas e á música.

- Fomentar a colaboración entre o CMUS e a EOI mediante actividades conxuntas que empreguen o galego como lingua vehicular e impliquen a profesorado e alumnado, así como establecer vínculos con colectivos externos para potenciar o seu uso e mellorar a súa valoración social, sen esquecer que é preciso ofrecerlles orientación á comunidade educativa e aos distintos departamentos dos centros sobre o uso correcto e adecuado do galego.

### 3.2 Obxectivos a longo prazo

Manter o fomento do galego oral mediante a creación de novos ámbitos de uso habitual (aulas, actividades dos centros, relacións entre comunidades educativas) que achegarán á vez a lingua e a realidade sociocultural galega ao alumnado e ás familias de distinta procedencia e incrementarán e producirán mudanzas nas actitudes de uso e valoración da lingua a todos os niveis.

Consolidar a colaboración entre o CMUS e a EOI a través de actividades en que o galego sexa a lingua vehicular e a cultura galega o *leitmotiv*, ao mesmo tempo que se consolida a colaboración con colectivos externos e a cooperación entre comunidades educativas.

## 4 Actividades de dinamización da lingua galega propostas para acadar os obxectivos

Todas as actividades que se citan a continuación son froito do traballo colaborativo entre os EDLG do CMUS e da EOI a varios niveis: entre eles, cos distintos membros das comunidades educativas, cos equipos directivos dos seus centros, coordinadores da biblioteca, outros membros do profesorado non pertencentes ao EDLG e persoal non docente da EOI, así como entidades alleas aos centros.

Aparecen, en primeiro lugar, as actividades propias deste proxecto e, a seguir, aquelas que son froito ou se aproveitan da colaboración entre os centros. Algunhas delas son organizadas con motivo da celebración de efemérides recollidas na Orde do 12 de abril de 2024, aquelas que teñen conexión directa coa poesía ou coa música.

## Actividades do proxecto «Música e poesía: movendo a lingua»

**Tendal da Poesía:** As persoas integrantes do EDLG seleccionaron 16 poemas de poetas galegos e galegas, que foron expostos nun tendal nas dúas plantas da EOI, para que o alumnado escollese os seis que máis lle gustasen. Para a organización da selección tívose en conta a diferenza na formación e capacitación dixital do alumnado e as cuestións de accesibilidade, e realizouse a escolla tanto a través de códigos QR que daban acceso á aula virtual do EDLG como de xeito presencial mediante formularios en papel situados ao carón dos tendais.

Posteriormente, o tendal viaxou ata o CMUS, onde segue a estar exposto. Seis destes poemas están a ser musicados polo profesorado de linguaxe musical para traballar nas aulas co alumnado e os resultados serán compartidos no espectáculo final.

Na EOI, os poemas do tendal están a ser traducidos polo alumnado dos distintos niveis a todas as linguas que se ensinan (alemán, chinés, francés, inglés, italiano, portugués). Para iso, propóñense distintas actuacións de tradución que farán dela unha actividade integradora e accesible. Pediráselles axuda ás persoas auxiliares de conversa, algunhas das cales están a estudar galego na propia escola, para facer do galego tamén unha lingua internacional.

**Pílulas curativas:** Baseándonos nos principios da biblioterapia e musicoterapia, creamos a Botica da Lingua. O profesorado dos EDLG seleccionou varios poemas (algún deles das figuras homenaxeadas polo Día das Letras Galegas 2025) aos que se lles asociaron propiedades terapéuticas e, posteriormente, engadíuselles un código QR para vincular cada poema a unha música, sempre galega e interpretada por galegos (en catro dos cinco, por profesorado do CMUS), creando así as «pílulas curativas».

Preséntanse, xunto cunhas instrucións de uso, ao estilo de prospectos médicos, en bolsas de papel de farmacia ás que se lles pegou un adhesivo con deseño de bote de medicamento. Tamén se realizaron pósteres informativos e taboleiros en que se poden ver todas as versións das pílulas (polo de agora, hai 5 poemas distintos con 5 composicións musicais diferentes). <https://edlgeoidelugo.blogspot.com/2024/12/musica-e-poesia-as-pilulas-curativas-da.html>

As pímulas repartíronse por toda a comunidade educativa dos dous centros e por distintas entidades e negocios de Lugo, Sarria e a contorna.

Á vista do seu éxito, do que xa se fixeron eco a radio e prensa locais, prepararanse novas edicións e os poemas galegos e a música seguirán a ser distribuídos para chegaren ao maior público posible.

**Día de Rosalía:** celebraremos a poesía de Rosalía de Castro cun acto en que participará o alumnado do CMUS, do CDAN (Conservatorio Profesional de Danza de Lugo) e da EOI cantando o seus poemas e tamén o profesorado de linguaxe do CMUS. O alumnado da EOI recitará os poemas para os que deseñará coreografías o alumnado do CDAN. Para rematar, todos os participantes plantarán un castiñeiro (árbore presente en poemas de *Follas Novas*) e distribuiranse os poemas acompañados de flores para celebrar a presenza de flores e plantas na obra da escritora e lembrar o vínculo entre a natureza e a literatura. A publifotos de Rosalía, confeccionada polo EDLG do CMUS, estará nos tres centros antes e despois da celebración deste día para que toda a comunidade educativa poida tirar unha fotografía xunto á nosa imaxe de Rosalía de Castro.

**Día da Poesía e Día das Artes Galegas:** organizaranse na EOI obradoiros que servirán de preparación para o recitado dos poemas traballados nas actividades co CMUS: obradoiro de recitación a cargo de Paula Carballeira, e obradoiro de caligramas e ilustración poética, dirixido por unha persoa especialista na materia que se completará cun concurso de caligramas usando os poemas traballados co CMUS neste proxecto.

**Podcasts, teatro radiofónico e club de lectura:** Iníciase unha serie de *podcasts* do proxecto: entrevistas a poetas, músicos e participantes no proxecto, ademais do club de lectura do EDLG da EOI centrado no teatro radiofónico coa obra de Paula Carballeira, *Ubasute*, e para a cal o CMUS achegará a música.

**Acto final do plan Proxecta:** o 5 de maio celebrarase un acto no Auditorio Fuxan os Ventos para amosar as actividades realizadas no proxecto de innovación conxunto: músicas compostas para os poemas, recitación dos poemas en varias linguas, presentación das poetas e doutros traballos realizados ao longo do curso. Estes traballos serán compartidos cos asistentes en formato impreso e dixital, a través dun código QR, o día do

evento e estarán dispoñibles nun libro electrónico descargable desde a páxina web da biblioteca da EOI e na páxina web do CMUS.

**Día das Letras Galegas. Música e poesía para todos. Instalación de códigos QR:** Na contorna dos centros instalaranse uns carteis en material resistente en que se exporán os poemas e os códigos QR para acceder ás composicións musicais. Así, os materiais elaborados ao longo do curso estarán dispoñibles de xeito permanente.

### **Outras actividades conxuntas dos EDLG do CMUS e da EOI**

**BoNagal:** O alumnado voluntario da biblioteca da EOI organizou un obradoiro de postais. Estas postais con mensaxes en galego entregoullelas un grupo de alumnado e profesorado da EOI ás persoas usuarias do centro ASPNAIS (Asociación de pais ou titores de persoas con discapacidade intelectual de Lugo). A visita foi acompañada por un grupo de música de cámara do conservatorio, que lles ofreceu un pequeno concerto ás persoas usuarias do centro.

**Ano Castelao:** Na redes sociais publicamos un cartel conxunto en que anunciamos as actividades realizadas nos dous centros co gallo desta celebración e convidamos a ambas as comunidades a participar nelas: na biblioteca da EOI realizouse unha exposición de libros e materiais relacionados con Castelao e asemade unha exposición de paneis sobre «Castelao, de *Sempre en Galiza* ao Consello de Galiza 1934-1944» cedida pola Cátedra Castelao da Universidade de Santiago de Compostela. No CMUS expuxéronse pósteres sobre a vida de Castelao e a súa relación coa música confeccionados polo EDLG.

#### **4.1 Propostas estratéxicas de actuacións a curto prazo**

As propostas estratéxicas para desenvolver este proxecto, co fin de acadar os obxectivos desexados de promover o uso da lingua galega, céntranse na transmisión e difusión do noso patrimonio cultural, así como na creación dun diálogo entre a música e a poesía. Para garantir a continuidade e realización das

actividades, tamén se fará uso das novas tecnoloxías, como códigos QR, as redes sociais e as bitácoras, que facilitarán a súa difusión e permitirán a súa perpetuación no tempo.

#### 4.2 Propostas estratéxicas de actuacións a longo prazo

A longo prazo, o efecto desexado será alcanzado ao poñermos ao dispor da comunidade e do público xeral os resultados das actividades de maior interese. Alén diso, promoveremos a normalización lingüística na nosa contorna, conferindo prestixio ás actividades realizadas para que as comunidades as perciban como accións contemporáneas e de valor, das que se sintan orgullosas. O acceso a estas actividades realizarase a través dun diálogo estable entre foros virtuais e presenciais, co fin de promover a súa continuidade e duración, sempre dentro dos parámetros de inclusión e igualdade.

### 5 Organización, desenvolvemento e metodoloxía

O CMUS e a EOI de Lugo precisan estreitar vínculos, xa que se atopan próximos non só no espazo, senón que tamén comparten inquiredanzas e características dentro do que son as súas disciplinas: a música e as linguas; e a súa idiosincrasia: ambos son centros de ensino de réxime especial aos que acode alumnado de todas as xeracións con distintas motivacións.

O fío condutor do proxecto para a dinamización da lingua galega, a poesía e a música, servirá para coñecer, afondar e usar a nosa lingua dun xeito natural no discorrer das actividades lectivas e non lectivas dos nosos centros de ensino e tamén fóra deles.

A base metodolóxica deste proxecto é, dende logo, colaborativa e activa a varios niveis: dentro dos nosos centros, entre eles e máis alá deles (outros centros educativos, institucións e agrupacións culturais ou calquera organismo co que poidamos cooperar para a promoción do galego). Neste espírito de cooperación está a metodoloxía do Deseño Universal de Aprendizaxe que, na promoción da lingua e da cultura máis aló da nosa realidade inmediata, está centrado na inclusión, na atención individualizada, no traballo por proxectos, e todo iso facendo un uso das novas tecnoloxías que faciliten eses aspectos e que ademais adapten o ensino ás necesidades de ensino a distancia por medio das aulas virtuais e das aplicacións de videoconferencia.


Agardamos que isto, alén de promover o uso da lingua galega, provoque unha modernización e mellora dos recursos metodolóxicos dos docentes, suscitada polo intercambio de experiencias e metodoloxías, así como de recursos educativos, todo o cal desembocaría nun enriquecemento nas aulas.

A radio escolar da EOI de Lugo servirá como plataforma para documentar o proxecto nos distintos períodos do seu desenvolvemento. Estará organizado en tres fases:

## 6 Xestión e calendario

1ª Fase	Setembro	Enquisas da situación lingüística dos centros
	Outubro 	Tendal da Poesía. Escolla de poemas
2ª Fase	Novembro 	Tendal da Poesía no CMUS. Composición de música para os poemas Tradución dos poemas na EOI Estas actividades abarcan os meses da 2ª fase
		Elaboración das «Pílulas curativas» (música e poesía)
	Decembro 	Distribución das «pílulas» nos centros  BoNagal. Postais en galego e música en ASPNAIS

	<p><b>Xaneiro</b></p> 	<p>Distribución das «pímulas» fóra dos centros</p> <p>Ano Castelao</p>
	<p><b>Febreiro</b></p> 	<p>Presentación do proxecto en Innovart</p> <p>Día de Rosalía. Actuación música + danza + poesía coa participación do CDAN</p>
	<p><b>Marzo</b></p> 	<p>Día da Poesía. Preparación para o recitado dos poemas: Obradoiro con Paula Carballeira de uso expresivo de voz e recitado para alumnado da EOI e do CMUS</p> <p><i>Podcasts</i> na Radio Rochoteca (entrevistas a poetas, músicos, profesorado, alumnado e outros participantes no proxecto)</p>
	<p><b>Abril</b></p> 	<p>Teatro radiofónico CMUS + EOI. <i>Ubasute</i> de Paula Carballeira + música do CMUS</p> <p>Obradoiro de ilustración de poemas para a publicación daqueles cos que se está a traballar. Concurso de ilustración destes poemas</p>
<p>3ª Fase</p>	<p><b>Maio</b></p> 	<p>Acto final Música e Poesía. Celebración do Día das Letras Galegas</p>

<p><b>Xuño</b></p> 	<p>Instalación de poemas e códigos QR nos centros e na contorna</p>
--	---

## 7 Recursos humanos implicados no desenvolvemento do proxecto

### 7.1 Profesorado participante. Funcións e tarefas de cada unha das persoas implicadas

#### Profesorado do CMUS

Profesorado	Departamento/Coord.	Funcións e tarefas
José Ramón Saborido Roca	Dep. Vento Madeira e coord. do EDLG	Coordinación e organización do proxecto e as actividades no CMUS
Tamara María Santamariña Sanmartín	Dep. Mús. Tradicional e coordinadora do GE	Apoio loxístico e organizativo
Brais Monjardín López	Xefe do Dep. de Música Tradicional	Apoio loxístico e organizativo
Moisés Bernardo López López	Dep. de Linguaxe Musical e coord. TIC	Musicar poemas, coordinación das gravacións e apoio tecnolóxico
Victoria Ofelia Díaz Dorribo	Dep. de Linguaxe Musical	Musicar poemas
Daniel Borja Durán Alonso	Director do centro e Dep. de Linguaxe Musical	Musicar poemas
Manuel José Grande Ramos	Dep. de Linguaxe Musical	Musicar poemas
Flavio Sedano Lima	Xefe do Dep. de Linguaxe Musical	Musicar poemas
Henar Matesanz Fernández	Dep. de Linguaxe Musical	Musicar poemas

Marta Couce Freire	Dep. de Linguaxe Musical	Musicar poemas
--------------------	--------------------------	----------------

### Profesorado da EOI

Profesorado	Departamento/Coord.	Funcións e tarefas
Ana Belén López Pérez	Coord. do EDLG e Dep. de Inglés	Coordinación e organización do proxecto e as actividades na EOI
Cristina Álvarez Vázquez	Dep. de Italiano	Obradoiro de ilustración e apoio loxístico
Pilar Cordeiro Graña	Dep. de Galego	Revisión e edición de textos. Contactos
Marta García Martínez	Dep. de Francés	Orzamentos e contactos
Noemí García Rodríguez	Coord. de Igualdade e Dep. de Galego	Elaboración das enquisas, organización, e revisión e edición de textos
Alma López Figueiras	Coord. da biblioteca e Departamento de Chinés	Organización de obradoiros, <i>podcasts</i> e coordinación co EDLG
María do Carme Pardiño Rial	Dep. de Galego	Dinamizadora das actividades e apoio loxístico
María Inmaculada Pérez-Carrillo López	Dep. de Italiano	Edición gráfica
Laura Rodríguez Cochón	Dep. de Inglés da Extensión de Sarria	Coordinación do proxecto en Sarria e edición gráfica
Fernando Vázquez López	Director do centro e Dep. de Galego	Contacto con institucións e cos medios, revisión e edición de textos

## 7.2 Alumnado participante

### EOI

Curso	Nivel	Nº aulas	Nº alumnas+alumnos
1º	Básico	5	65 + 32
2º	Básico	8	59 + 40
1º	Intermedio	8	62 + 38
2º	Intermedio	8	55 + 76
1º	Avanzado	8	43 + 25
2º	Avanzado	3	32 + 10

### CMUS

Curso	Materia	Nº aulas	Nº alumnas+alumnos
1º Grao Elemental	Linguaxe Musical	6	28 + 32
2º Grao Elemental	Linguaxe Musical	6	25 + 32
3º Grao Elemental	Linguaxe Musical	4	22 + 18
4º Grao Elemental	Linguaxe Musical	4	19 + 27
1º Grao Profesional	Linguaxe Musical	3	15 + 22
2º Grao Profesional	Linguaxe Musical	3	11 + 18
3º Grao Profesional	Novas Tecnoloxías	3	14 + 16
6º Grao Profesional	Música Tradicional Galega	1	3 + 7
6º Grao Profesional	Itinerario Composición	1	1 + 1
Grao Profesional	Coro	1	32 + 41

## 7.3 Outros membros da comunidade educativa

### EOI

María José Altaba Vázquez (membro do PAS)

Nuria Méndez Feijoo (alumna de inglés e galego da EOI)

Sabela Pérez Taboada (alumna de inglés da EOI)

Laura Varela Díaz (alumna de inglés da EOI)

### CMUS

Teresa Sánchez Andrade (membro do PAS)

César Fouce López (alumno de percusión do CMUS)

Delia Gómez Teijeiro (alumna de gaita do CMUS)

## **8 Recursos materiais para o desenvolvemento do proxecto**

Para realizar un conxunto de actividades que cheguen ao maior número de persoas posibles e resulten inclusivas, estanse a usar recursos dos nosos centros coa finalidade de sacarlles rendemento e facer un proxecto sostible:

- Espazos cibernéticos como as web dos centros ([CMUS](#), [EOI](#)), as redes sociais, aulas virtuais ([CMUS](#), [EOI](#)), [bitácoras dos EDLG](#).
- Radio da EOI.
- Monitores nos corredores dos centros.
- Taboleiros dos EDLG.
- Bibliotecas dos centros.
- Auditorio do CMUS e salón de actos da EOI.
- Corredores dos centros, como espazos de intercambio e comunicación.
- Gravadoras, cámaras, ordenadores, impresoras e fotocopiadoras.
- Programas de deseño.

Ademais, precisamos recursos como pósteres, paneis anunciadores, sobres de farmacia, adhesivos e distintos materiais de papelería, carteis expositores permanentes en material resistente...

## **9 Orzamento. Xustificación e desagregación**

Como queda dito no apartado anterior, estanse a usar todos os recursos xa existentes nos centros. Así mesmo, tratamos de ser exemplares no aproveitamento de materiais, como no caso das caixas para distribuír as «pílulas», que son caixas reutilizadas que achegou o profesorado e o alumnado.

Concepto	Descrición/Obxectivo	Importe
Diverso material de papelería	Tendal da poesía, Pílulas curativas, Postais Nadal	400 €
Material de difusión (fotocopias, expositores, folletos)	Pílulas curativas, concerto final, Día de Rosalía	300 €
Obradoiros de recitado e ilustración	Obradoiro de Paula Carballeira e obradoiro de ilustración (por determinar)	600 €
Carteis en PVC para a instalación permanente de poemas e códigos QR	Para a instalación permanente na contorna dos centros	400 €
Gastos do concerto final	Invitacións, agasallos, libreto (tamén accesibles con QR), camisetas	1.400 €
<b>TOTAL</b>		<b>3.100 €</b>

## 10 Colaboracións con institucións, entidades, asociacións ou empresas

No momento da redacción deste proxecto, para realizar as distintas actividades colaborouse co CDAN, Concello de Lugo, Consellería de Cultura, Consellería de Educación, *La Voz de Galicia*, COPE Galicia, Cátedra Castelao, Galletas Daveiga, ASPNAIS, Colexio de Farmacéuticos, Hospital Universitario de Lugo, Complexo Hospitalario de Santiago, Biblioteca Pública de Lugo, así como diversos establecementos comerciais de Lugo e Sarria.

## 11 Medidas de difusión do proxecto

### 11.1 Accións, canles ou vías, medios e formatos

As medidas de difusión están a desenvolverse en varios niveis, moitos dos cales abranguen non só os centros e a comunidade educativa, senón tamén o público xeral:

- Redes sociais dos dous centros e do EDLG: Instagram ([@eoidelugo](#), [@edlgcmuslugo](#), [@cmusxoanmonteslugo](#)), X ([@eoidelugo](#),

[@cmusxoanmontes](#)), Bluesky ([@eoilugo.bsky.social](#)), Facebook ([Escola de Idiomas de Lugo](#)).

- Páxinas web dos centros ([CMUS](#), [EOI](#)) e aulas virtuais ([CMUS](#), [EOI](#)).
- O [EDLG da EOI](#) ten a súa propia bitácora.
- [Podcasts](#) na radio da biblioteca da EOI.
- Taboleiros dos EDLG nas entradas dos centros e con carteis e pósteres das actividades.
- [Prensa](#) e [radio](#) locais.
- Acto de música e poesía que terá lugar ao remate do curso e no que se compartirán os traballos finais que se fixeron dentro deste proxecto ao longo do ano académico.
- Distribución da actividade das Pílulas curativas por centros institucionais (Delegación de Educación, Concello de Lugo, Colexio de farmacéuticos, hospitais etc.) e educativos e por establecementos de todo tipo en Lugo e na contorna.
- Presentación do proxecto na feira de ensinanzas artísticas InnovArt25.
- Os produtos finais (poemas, músicas etc.) serán tamén accesibles dende as plataformas dos centros (páxinas web, bitácoras, aulas virtuais) e os poemas musicados serán maquetados nun caderno.

#### 11.2 Alcance (no centro: entre o alumnado e entre o resto da comunidade educativa; na contorna e/ou noutros espazos)

O proxecto está a acadar unha ampla repercusión en distintos niveis. Nos centros educativos, un número significativo de alumnado participa activamente a través das diversas actividades programadas, como a lectura e a selección de poemas, a composición e interpretación musical e a tradución de textos poéticos.

A iniciativa das *Pílulas* involucra a toda a comunidade escolar, incluíndo alumnado, profesorado e persoal dos centros, e, coa súa distribución en espazos públicos como edificios administrativos, establecementos comerciais, librarías, farmacias e hospitais, está a estenderse tamén ao conxunto da sociedade.

Ademais, a presentación do proxecto en [InnovArt](#) permitirá difundir e promover o uso do galego entre centros educativos e o público xeral máis aló da nosa contorna.

Por último, o espectáculo final de música e poesía reunirá alumnado, profesorado, familias, autoridades educativas e poetas, consolidando así o impacto e o valor desta iniciativa.

Na seguinte ligazón pódese consultar a documentación sobre o alcance do proxecto: [Ligazón](#).

## **12 Plan de avaliación**

O proxecto contou desde a súa orixe cun plan de avaliación estruturado en tres fases, sempre tomando como referencia os seus obxectivos.

Na fase de avaliación inicial, realizáronse enquisas nos dous centros para analizar o uso da lingua galega na comunidade educativa. A través destes estudos, identificáronse eivas comúns ao CMUS e á EOI, así como a necesidade de fomentar un maior coñecemento mutuo entre ambas as institucións. Ademais, as enquisas incluíron cuestións relacionadas co grao de coñecemento da poesía galega e da música, o que permitiu deseñar actividades máis significativas e axustadas ás necesidades do alumnado.

A avaliación de progreso está a realizarse mediante consultas coas distintas partes implicadas, recollendo impresións sobre o grao de satisfacción coas actividades realizadas e atendendo a suxestións e propostas de mellora. En todo momento, mantense como criterio fundamental a contribución do proxecto ao uso e promoción da lingua galega.

A avaliación final realizarase en varios niveis, empregando enquisas para medir o éxito das iniciativas que se desenvolveron, o número de persoas implicadas no proxecto e, a máis longo prazo, o seu impacto sobre o uso e o compromiso coa lingua galega nos centros educativos e nas súas respectivas comunidades.

### 12.1 Criterios e indicadores para a avaliación

O criterio fundamental para a avaliación partirá do seu obxectivo central que é a mellora no uso do galego a diferentes niveis nos nosos centros e nas nosas comunidades educativas, facendo uso da música e a poesía en distintos formatos (códigos QR, audio, formato dixital, redes sociais, formato tradicional) que as farán máis accesibles e amosaranse como xéneros imprescindibles na promoción da lingua.

Os indicadores que serán empregados son:

- Motivación no uso do galego na práctica docente, máis efectiva e de maior calidade.
- Nivel de publicidade e difusión do proxecto na comunidade educativa e na contorna dos centros.
- Maior satisfacción do alumnado e do profesorado.
- Interese doutras institucións e da sociedade lucense por coñecer os nosos centros.
- Enquisas ao alumnado sobre se percibiron cambios na metodoloxía empregada polos docentes.
- Enquisas á comunidade educativa sobre o impacto real do proxecto.

### 12.2 Impacto do proxecto na mellora do uso da lingua galega na comunidade educativa

O impacto do proxecto ten que ser avaliado ao final deste curso, mais xa se poden apreciar varias melloras no uso do galego escrito e oral a distintos niveis:

- Case a totalidade do profesorado dos dous centros empregou materiais en galego nas súas aulas e mellorou na calidade e frecuencia do seu uso.
- O alumnado viuse exposto ao uso do galego dentro e fóra das aulas.
- Apareciuse un enorme interese da comunidade educativa polas actividades a través da observación e o impacto na resposta, tanto de xeito directo como nas redes sociais.
- Outras institucións tamén se amosaron moi receptivas cara ás actividades que comportan un uso do galego.

Por último, o impacto poderá avaliarse de xeito máis obxectivo coas enquisas de valoración e cunha observación máis detallada, mais queda xa constancia no alcance logrado, máis aló do que son as propias actividades.